



SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL DE 19 DE OUTUBRO DE 2015

Na Casa do Concello de Ferrol, sendo as dezoito horas e dez minutos do día arriba indicado reuniuse o Pleno da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Ferrol, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia de Jorge Juan Suárez Fernández, Alcalde de Ferrol, e a asistencia das seguintes persoas:

- Concello de Ares: Julio Ignacio Iglesias Redondo, Alcalde.
- Concello de Fene: Juventino José Trigo Rey, Alcalde.
- Concello de Ferrol: Beatriz Sestayo Doce, segunda representante do Concello de Ferrol no Pleno da Mancomunidad.
- Concello de Mugardos: Juan Domingo de Deus Fonticoba, Alcalde.
- Concello de Narón: Marián Ferreiro Díaz, representante do concello de Narón.
- Concello de Neda: Ángel Alvariño Saavedra, Alcalde.
- Concello de Valdoviño: Benito Manuel Vega Fernández, representante do concello de Valdoviño.

Asistidos polo Secretario Leopoldo Moure García, polo Interventor Manuel Vázquez Fernández, e polo Xerente Luis Alcalá Baillie, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesións anteriores.

Por unanimidade das persoas asistentes queda aprobada as actas da sesión de 14 de setembro de 2015.

2. Clasificación de proposicións e requirimento de documentación á oferta máis vantaxosa, se procede, para a adxudicación do contrato do servizo de xestión de residuos voluminosos.

A proposta da Mesa de Contratación e de conformidade cos informes, as persoas asistentes acordan por unanimidade:

1. Aprobar a seguinte clasificación, por orde decrecente, das proposicións:

Empresa	Puntuación			Orde
	Criterio 1 (memoria técnica)	Criterio 2 (prezo)	Total	
Reciclaje de Inertes del 45 Noroeste, S.L. (RECINOR)		50	95	1
COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L. (COREGAL)	39	31,21	70,21	2

2. Requiritir á empresa RECINOR que, dentro do prazo de dez días hábiles, que comenzarán a contar dende o día seguinte a aquel no que tivese recibido o requirimento, presente a documentación sinalada na cláusula 21.1 do PCAP.



3. Medidas de apoio ao cadro de persoal do Diario de Ferrol.

O Presidente explica que por un problema de axenda de última hora non é posible recibir nesta sesión a representantes dos traballadores do Diario de Ferrol, polo que se acorda elaborar unha resolución de apoio para que sexa aprobada polos membros do Pleno.

4. Aprobación da conta xeral da Mancomunidad de concellos da comarca de Ferrol correspondente ao exercicio 2014.

Examinada a proposta do Presidente da Mancomunidad que literalmente di:

“PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2014.-

Formada a Conta Xeral da Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol do exercicio 2014 e ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas o 10 de agosto de 2015 foi, xunto co mencionado informe, exposta ao público para que os interesados puideran presentar as súas reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportuno tal e como prescribe o artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) aprobado por RDL 2/2004, de 5 de marzo.

O anuncio da exposición publicouse no Boletín Oficial da Provincia do día 25 de agosto de 2015 polo que o prazo de quince días máis oito para presentar as reclamacións, reparos ou observacións finalizou o día 22 de setembro do 2015.

Durante o prazo previsto e segundo certificado da Secretaría de data 30 de setembro de 2015 non tivo entrada no Rexistro da Mancomunidad ningún escrito de alegacións á Conta Xeral do 2014 polo que proponse a adopción da seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO.

1. Aprobar a Conta Xeral da Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol correspondente ó exercicio 2014 e a documentación complementaria prevista na regra 101 da Orde EHA 4041/2004 nos termos que constan no expediente.

Ferrol, 30 de setembro de 2015

O Presidente

Asdo.- Jorge Juan Suárez Fernández”

As persoas asistentes acordan por unanimidade aprobar a proposta arriba transcrita.

5. Impulso e seguimento de servizos e proxectos.

Neste apartado o xerente informa da presentación dun proxecto de xestión compartida da casa de acollida á convocatoria dos Premios Coopera 2015, e informa tamén da convocatoria de axudas á promoción da igualdade da Xunta de Galicia indicando que tendo en conta os prazos sinalados nesta convocatoria neste momento unha solicitude mancomunada carecería de sentido e prexudicaría as opcións de solicitude individual en particular para os concellos que xa teñen CIM.

Luis Alcalá informa así mesmo da posibilidade conversada co técnico de deportes do Concello de Ares de solicitar a colaboración da Deputación da Coruña para organizar unha xornada sobre turismo activo, tendo en conta o potencial destas actividades nos espazos naturais da comarca para a creación de emprego.

O alcalde de Ares expón que existe un problema grave coas esixencias de formación aos socorristas, que neste momento se ven obrigados a asistir a un curso impartido pola Cruz Vermella na Coruña que pola súa duración e custo pode conducir á carencia de socorristas nas nosas praias, ante o cal debería estudarse a posibilidade de que esta formación sexa impartida por entidades do ámbito comarcal como Néboa, Tempus ou a Escola Diocesana de Tempo Libre,



ou mesmo o INEM.

O alcalde de Mugardos propón que se estuden as necesidades dos concellos da Mancomunidad de instalación de desfibriladores para ter espazos cardioprotexidos.

6. Dar conta da situación de Terracán e medidas a adoptar.

Neste punto o Presidente informa de que foi solicitada unha autorización xudicial para intervir nas instalacións de Terracán, de forma que se espera solucionar en breve esta situación priorizando o benestar animal.

Por outra banda, o Presidente da Mancomunidad informa da existencia dunha solicitude con entrada nº 473 do día 27 de agosto de 2015 para a entrega dun número importante de cans ao Refuxio de Mougá por parte dun cidadán de Fene.

O Xerente explica que a solicitude foi suficientemente xustificada por motivos de saúde, pero presenta problemas debido á falta de identificación dos cans e o número deles, estimado en trinta, problemas que supoñen posibles infraccións cuxa denuncia compete ao concello de Fene.

O alcalde de Fene indica que no caso de demorarse a actuación a situación pode agravarse e sinala que o solicitante está disposto a aboar as taxas pola entrega.

Trala deliberación, considerando a urxencia e a gravidade do caso, as persoas asistentes acordan por unanimidade aceptar a solicitude de entrega de animais, cuxa execución será realizada de forma paulatina tendo en conta a capacidade do Refuxio.

7. Acollida de refuxiados sirios.

Acórdase aprazar este punto a unha próxima reunión para a súa mellor preparación.

8. Dar conta da proposta do concello de Narón para a crear un Plan territorial de xestión de residuos supralocal.

Marián Ferreiro explica a proposta aprobada polo Pleno do Concello de Narón para a creación dun Plan territorial de xestión de residuos supralocal. As persoas asistentes acordan que sexa valorada xunto co estudo do servizo do ciclo da auga.

9. Estudo dos servizos do ciclo da auga.

Recíbese aos representantes da Fundación Río do Pozo José María de Miguel, Julio López e Jesús López, que expoñen a súa proposta para a realización dun estudo dos servizos do ciclo da auga, e acórdase que se inicie unha toma de contacto co asunto a través dos concelleiros e técnicos responsables da materia de cada un dos municipios, cuxos datos de contacto son facilitados parcialmente durante a reunión e serán completados e remitidos polo xerente da Mancomunidad.



10. Presentación do Programa de Actuacións de COFER

O Presidente de COFER, Cristóbal Dobarro, presenta aos membros do Pleno o programa de actuacións desta entidade co fin de crear emprego na comarca, que inclúe a creación dunha ferramenta para o emprego a disposición das empresas e dos demandantes de emprego; implantar un servizo de creación de empresas, que comprende ao apoio ao emprendemento dende o punto de vista xurídico e empresarial e o seu seguimento en canto financiamento e mentoring, e fai fincapé no emprendemento cultural, o emprendemento turístico e a innovación, en particular a innovación no sector naval; e un labor no eido da promoción económica que implica promover a internacionalización das empresas, xerar inversión, atraer capital, e realizar misións comerciais con este obxecto.

O Presidente de COFER informa de que se vai realizar unha presentación do territorio na Casa de Galicia en Madrid, apadrinada pola asociación de empresarios galegos de Madrid e a asociación de empresarios de Madrid, e invita a que un representante da Mancomunidad interveña neste acto.

Cristobal Dobarro indica que se remitirá o documento do programa para que poida ser estudado por todos os concellos, e expresa a disposición de COFER a colaborar coa Mancomunidad no desenvolvemento de proxectos.

As persoas asistentes agradecen a intervención de Cristobal Dobarro e expresan igualmente a vontade de colaborar con COFER.

11. Rogos e preguntas.

O Presidente informa de que a Decana do Colexio de Avogados solicitou da Mancomunidad que dende esta entidade se pida a Alfonso Rueda un xulgado de familia en Ferrol.

A instancia de Julio Iglesias e Beatriz Sestayo Doce a Mancomunidad quere facer constar o seu malestar coa Autoridade Portuaria dado que a representante do Concello de Ferrol na dita entidade todavía non foi nomeada transcurridos máis de tres meses dende o acordo municipal, entendendo que o que se quere por parte da Autoridade Portuaria é que non estea presente a representante dona Beatriz Sestayo en diversos Consellos de Administración onde se están tomando acordos que se entende que son perxudiciais para a comarca de Ferrol, tanto referentes a Reganosa e ó Bunkering.

En relación co problema da Vespa Velutina, o Presidente informa de que está prevista unha reunión dos alcaldes coa Xunta o día 22, e Julio Iglesias propón que se contacte coa Deputación respecto ao material para combater este problema.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia declara levantada a sesión, sendo as vinte horas e quince minutos, de todo o que, como Secretario, DOU FE.

O Presidente da Mancomunidad

O Secretario da Mancomunidad

Asdo: Jorge Juan Suárez Fernández

Asdo: Leopoldo Moure García

